



Benia quen constrúe a paz!

ANO XXXVI • Nº 972 - Do 4 ao 17 de setembro de 2017

# XL ROMAXE DE CRENTES GALEGOS



**Beade**  
**9 de setembro de 2017**

# A foto que fala

Acabáronse as vacacións,  
volvemos á rutina!



## O trasno Babel nas Ramblas, videoxogo

Daniel López Muñoz



Na película Babel (González Iñárritu, 2006) desencadéase unha traxedia por unha serie de pequenas causas enlazadas, pequenas malas accións de persoas diversas acontecidas neste mundo tan globalizado como incommunicado. Son irresponsabilidades individuais en tres continentes que, lonxe de quedaren sen efecto ou con efectos limitados á propia contorna, á propia “aldea”, causan dolor infinito a 5.000 quilómetros, niso que chaman a aldea global. Non vola conto. Se non a vistes é do máis recomendable.

Co da animalada das Ramblas revivín a espléndida reflexión visual de Babel. Lembrades cantas veces temos comentado, por exemplo, o asunto da maldade de determinados videoxogos cos que andan todo o día a pastar nenos e adolescentes? Literalmente, a pastar. Sen outra referencia educativa. Sen outro espazo e tempo compartido no que se cultive a compaixón, a humanidade, a fraternidade.

Un deses videoxogos ao que lle tiñamos declarada a guerra cando os rapaces andaban neses idades seica consistía en montarse nun deportivo ou nun camiión –supoño que se podería “tunear” a arma do crime- e lanzarse polas rúas a matar viandantes. Habíaos tamén especializados para vítimas selectivas. Con peóns discapacitados, por exemplo. E, xa postos, seguro que algún circularía no que o obxectivo sería racial: Negratas, morros.

Alguén os inventou, poñamos que en Tokio, e fixo cartos con eles. Certas irresponsabilidades parecen menores e inocentes pero pode que non o sexan.

Nunca hai unha única causa. Pero as razóns poden ser acumulativas e unha delas disparar o efecto bolboreta, ese que di que un movemento das ás dunha bolboreta nunha selva pode desencadear un colapso na bolsa. A interconexión das maldades de baixa intensidade, no noso caso.

Poñamos que os rapaces perpetradores do crime das Ramblas xogaron a eses xogos. Por idade, todo encaixa. Si, está a radicalización, a marxinalidade, o desarraigo, a fascinación, a necesidade dunha identidade, a persuasión jihadista. Pero para facer cousas así ten que haber un espírito traballado polo mal, por ese mal de baixa intensidade, a lume lento, desde hai tempo, acumulativamente, deshumanizadamente, como nun xogo maldito que se volve real.

a realidade da Galicia actual e as súa base comunitaria non é a de noutrora ser quen de recoller e dar futuro ao que nos preserva como pobo

No mes de xullo, a directiva e a mesa de redacción ampliada da Irimia xuntámonos, como nos últimos anos, niso que chamamos un *cruceiriño*, como chiscadela e homenaxe a aqueles “cruceiros” dos anos mozos impulsados por Pepe Chao, aqueles precisamente nos que se foi xestando e parindo a Asociación, a Romaxe e esta revista. Xuntámonos, logo, para recoñecérmonos, para cuestionármonos; para celebrar o camiño e para camiñar celebrando.

Cada certo tempo convén preguntarse que servizo facemos e que sentido ten ese quefacer. E máis aínda cando se trata de trasladar á xente máis nova da directiva o acervo, as vivencias e experiencias de máis de trinta e cinco anos de andaina.

Dixémonos, entre outras moitas cousas, que Irimia ten o seu espazo, o seu ámbito, ...o seu *nicho*, dispensando. Que a cantidade, a dimensión e o crecemento ilimitado non nos entusiasman, e máis vale que sexa así, pola conta que nos ten. Que o que cómpre é manter a liña e a identidade, a nosa razón de ser... en tanto o noso ser teña unha razón. E o humor, a fe e a esperanza, contra calquera desesperanza.

Inevitablemente constatamos que a realidade, o contexto, a Galicia de agora e as súas comunidades de base e parroquiais non son as que había noutrora. Falamos daquela Irimia como mosaico, na que as teselas eran pequenas comunidades, grupos deste e aquel movemento eclesial de base, as parroquias máis dinámicas e enraizadas na realidade cultural e social dunha Galicia que se construía de abaixo arriba tras a longa noite de pedrado nacional catolicismo. Eran tempos de militancias e proxectos sólidos, de longo alento, de realidades asociativas e solidarias dinámicas e esixentes. Eran tempos nos que “comprometerse” soaba ben.

Continúa na páxina 14

## Rumores de esperanza

Xan Guillén

A arte cámbiao todo. Este é o lema do museo Guggenheim de Bilbao no seu XX aniversario. É certo que todos os que lemos isto temos unhas experiencias de contacto coa arte moi significativas e non daríamos entendido as nosas vidas sen a presenza da arte.

O caso que vou contar hoxe sucede nun barrio marxinal moi próximo a Oaxaca en México. Trátase da comunidade Vicente Guerrero ás beiras dun gran colector de lixo. Esta comunidade era famosa pola súa violencia e polos altísimos índices de drogadicción. A marxinalidade ataca especialmente aos adolescentes.

Toda esta situación está a cambiar grazas á vontade dun grupo de xente que iniciou un proxecto sinxelo e á vez transformador. Trátase dunha escola de música. Pouco a pouco a rapazada deste barrio comezou a acudir e aprender a tocar un instrumento. Ráchanse así barreiras de todo tipo. Os rapaces tocan instrumentos considerados pola xente de alí de mulleres. Aprenden a conxuntarse e a traballar en equipo. Coñecen músicas que habitualmente non escoitarían e retoman o interese polo coñecemento e o estudo. De feito a estas alturas xa teñen unha orquestra sinfónica.



Parabéns a todos eles por cambiar todo coa arte musical. A ver se nun ano destes vémoslos na Romaxe tocando a versión mexicana da Rumboia. Namentres verémonos nuns días pola ría de Vigo.



40 ANOS DOS PREMIOS  
DA CRÍTICA GALICIA



1

3



Iniciativa  
galega  
pola memoria

2



4



## A peneira

1

A **40 ROMAXE** fai lembrar os XL Premios da Crítica de Galicia co que foi agasallada Irimia no 1996, e outros colectivos coa mesma idade: Adegas, Alexandre Bóveda de A Coruña, Xermolos, a Semana Verde de Silleda ou o Museo do Pobo Galego.

2

Encontro con **aVILASÓ**, o 30, no Cetro Sociocultural Agustín Bueno do Castiñeiriño onde nos anos 60 acendeu a lumeirada que propiciou un modelo de comunidade parroquial democratizada e galeguizadas. Tempos aqueles do Castiñeiriño! Para máis información, Carmela 680788558.

3

A Asociación da Recuperación da Memoria Histórica lembra o 30 en A Fonsagrada aos Mártires do Acebo e ao líder comunista David Álvarez exiliado e represaliado no franquismo. Coincide coa recollida de sinaturas para declarar a San Simón "Illa da memoria".  
[www.igmemoria.com](http://www.igmemoria.com)

4

Na V Festa de Afirmación e Dignidade no **PEDREGAL DE IRIMIA**, o sábado 23, ás 12, a Irmandade Manuel María, entrega as "mans de Irimia" a Daniel López Muñoz e Herminia Estoa, animadores desde os seus inicios da romaxe e da revista Irimia. Para apuntarse a xantar (646413890).

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Nós non podemos esquecer os 10 anos do pasamento do Bispo **ARAÚXO**, o 22 de xullo, xa que a súa estela segue guiándonos. Lembramos a súa coraxe coa pastoral "A fe cristiá ante a cuestión da lingua galega" (1974) e a denuncia da ditadura, sobre todo na represión obreira do 72..

6

A comezos dun novo curso, a Facultade de Humanidades de Lugo organiza un Foro de Debate sobre "A Xestión **CULTURAL** como espazo profesional" para deseñar o perfil do xestor/a cultural e ás súas competencias no momento de definir os títulos de grao e máster ligados ás Humanidades.

7

Ponteareas celebra o día 23, o 50º Certame de Gaitas do País, o máis antigo na actualidade, que sen esquecer ao autor da peza "**PONTEAREAS**", o seu veciño, **Reveriano Soutullo Otero (1884 - 1932)**, aposta pola nosa música tradicional, a que nos transmite a alma do pobo..

8

O 10, a Festa da Barca de **MUXÍA** vai permitirnos celebrar a creación de "Muros do Nordés" que transformou a súa lonxa nun espazo de encontro e debate grazas á achega do talento local. É unha homenaxe á muller mariñeira, percebeira...

# Economía

## Escolas infantís: a conciliación e a integración

Pedro Pedrouzo Devesa



Recurrentemente escoito queixas de moitas persoas que se senten indefensas debido a que, malia non ter grandes ingresos, os seus fillos non teñen acceso ás escolas infantís públicas. Todas as prazas as ocupan xitanos e inmigrantes, porque son os que, debido a súa situación económica ou familiar, maiores puntuacións acadan nos procesos de selección.

Non sei se este sentimento é real ou amplificado, porque desgraciadamente carecemos de datos sobre a procedencia étnica, racial ou xeográfica dos nenos que ocupan praza. Pode parecer algo agresivo que se publiquen os perfíles das razas e procedencias xeográficas dos nenos que ocupan as escolas infantís, antes chamadas garderías. Pero esa información podería darse en porcentaxes e de forma totalmente anónima, para comprobar se esa sensación é real ou non. Tamén é certo que podería despertar racismo entre as persoas que se senten prexudicadas ante a falta de prazas.

Pero ao mesmo tempo desvelaría unha realidade que parece existir, as listas de non admitidos con concidións económicas regulares unida a unha posible guetización das escolas.

Algo que tamén lles pode pasar aos colexios de primaria. Que pasa se estamos creando ámbitos públicos nos que agrupamos a maioría de nenos de razas ou procedencias concretas? Tendo claro que a diversidade é un valor escolar necesario, a excesiva diversidade pode tumbar un proxecto educativo, ou mesmo alonxar del a moitos posibles usuarios que non queren que os seus fillos estean rodeados de nenos tan diferentes.

Como afrontar os xermolos de racismo que se poden crear nas institucións públicas se non evitamos esa *racificación*, concentrar as razas en certos espazos públicos, barrios periféricos, escolas infantís públicas, etc.

A resposta tradicional soe vir apelando a falta de prazas públicas, medio lamento que non acaba de cuallar non se sabe moi ben o porqué. Neste caso podemos acudir a economía para que nos bote unha man de forma que evitemos eses procesos danosos que separan aos nosos fillos por rendas, por razas e por nacionalidades. Obriguemos aos nosos representantes a establecer as rendas mínimas para as cales é obrigatorio que unha familia poida ter dereito a unha praza

nunha escola infantil e que concreten as condicións económicas nas que o faría. Que nos diga canto nos costa. E comparémolo con outros gastos non tan demandados.

Unha vez definido ese límite, todas as familias que teñan eses ingresos, automaticamente terán dereito a unha praza pública nas condicións económicas que decidan os nosos representantes políticos municipais. No caso de que a demanda de prazas sexa maior que as ofertadas nas escolas infantís públicas, o concello verase obrigado a contratar esas prazas noutras escolas infantís nas condicións económicas que negocie con elas, pero sen repercutir nunca ese custo nas familias usurais. Elas pagarán o que decidamos entre todos a través dos nosos representantes. Será máis caro? Sen dúbida. Pero será unha das formas sociais e económicas máis produtivas de usar os cartos públicos dunha cidade, integrando aos nosos fillos, a todos os nosos fillos. O reparto dos nenos entre as distintas escolas debreá responder a razóns que eviten a racificación dos nosos fillos e das nosas cidades. Probamos? Algún pensará que privatizo o ensino infantil. Outro día falaremos diso.



# O peto común Sobre deporte

Josecho de la Torre

Hai un interesante libro de Francesc Torralba con Ismael Santos sobre "intelixencia espiritual e deporte". Agora que tanto se fala de *running* e *bike* este tipo de publicacións resultan oportunas. O certo é que con idade máis ou menos avanzada, a xente iníciase nesta práctica ata límites anteriormente inimaxinables, cada un coas súas motivacións, metas e límites. As redes recollen momentos de gozo en torno ao deporte, os eventos increméntanse, as aplicacións para facer seguimentos están nos teléfonos e as tendas de deportes viven unha época dourada. É bo coñecer as caras do deporte:

O deporte amosa unha divertida variedade: uns practícano de forma habitual, outros ocasional, algúns nunca. Fóra da súa profesionalidade non ten idade. Precísase para exercer no traballo, para combater doenzas ou por hobby, por puro deporte. Hainos que xogan ao fútbol, pedalean, corren, fan alpinismo, reman. Compítese contra outros, cun mesmo, co medio ou cos tres elementos. Practícase en auga, neve, montaña ... Emprega elementos: bicicletas, raquetas, arcos, canoas ... Nesta variedade un escolle unha convivencia que ocupa máis ou menos tempo e importancia. O deporte ten unha simbiose coa sociedade na que flúe o mellor e o peor, ambigüidade ligada á condición humana. O fútbol é un bo exemplo: dentro dun estadio podes ver o mellor e o peor da condición humana tanto no campo como na grada. Porque o deporte ademais do deportista tamén ten o espectador que forma parte do mesmo.

Como actividade pode ser unha boa fonte de inculcar valores. Serve para relacionarse con outros cando a competi-



vidade (palabra mal vista nos círculos educativos) serve para que todos poidan mellorar deportiva e persoalmente. Pode educar na vitoria e na derrota, ensinar os límites de cada un, a superación dos obstáculos (intelixencia), o sentido grupal, o compromiso co medio ou os hábitos saudábeis. A modo de resumo, o deporte como boa práctica suma. Pero tamén pode restar no momento que separa. Ás veces é motivo de odio entre rivais, compañeiros e até cidades enteiras. Pode ser parte dunha competitividade que salta límites de respecto e non deixa medrar, ser alienante rompendo coa liberdade e a creatividade ou parte dun mercado. Pode ser cego e non deixar ver a realidade. Este libro que amosa unha interesante análise sobre a práctica deportiva como camiño para desenrolar a espiritualidade, pode ser unha boa ferramenta para aqueles que nos gusta o deporte.

## O CARRABOXO por ROBE LOIS





# Xente d'eiquí ENTREVISTA A... AGOS REIGOSA

José A. Martínez

## O PODCAST É A RADIO DO SÉCULO XXI

*Lucense, nado en 1990, da xeración que medrou cos módems telefónicos e as tarifas planas de internet de 12 horas. Graduado en ADE (porque o que vale, vale) e rematando un mestrado de Comunicación e Industrias Creativas, é un apaixonado das novas tecnoloxías e da comunicación, dous eidos case imposibles de separar.*



### Como lle explicarías á xente que é un podcast?

Eu diríalles que pensasen nun programa de radio sen ataduras, sen unha duración determinada e dependencia de certas temáticas por audiencias. É o equivalente ao que foron os blogs no seu momento, unha forma de expresión para todo o mundo que non entende de audiencias, o que o fai un medio predominantemente aficionado, pero tamén un moito máis lonxevo e moito máis diverso. Tentando resumilo nunha frase diría que o podcast é a radio do século XXI, un medio no que todo o mundo pode participar sendo un creador, e no que todo o mundo pode atopar a súa temática e ser ouvinte onde e cando o desexe.

### En que se diferencia da radio tradicional?

Como dicía antes penso que se poden sinalar dúas diferenzas principais, a primeira é o orzamento, que na maioría de casos é nulo, a segunda é a liberdade, que en todos os casos é absoluta. Isto non só permite que haxa podcast de calquera temática imaxinable, senón tamén que os haxa de calquera duración, periodicidade. É moi complicado que non haxa un que che encaixe.

### Como e cando te metiches neste mundo?

O meu primeiro achegamento a este mundo foi no ano 2013, sempre fun unha persoa moi activa no que se refire a novos medios e en canto ti ven oportunidade empecei a probar cousas no formato podcast. O primeiro que fixen foi *A mazá sonora* un programa que facía para completar o contido que achegaba ao blog *A Maceira*, centrado na temática Apple. A partir dese viñeron outros de diferentes temáticas.

### En que consiste o teu podcast? Foi sempre sobre esta temática?

Actualmente en activo só teño un podcast, o *Decote*, que trata das temá-

unha miguña de opinión e experiencia persoal.

O *Decote* é un podcast curto sobre tecnoloxía, antes del estivo o Alt-P que era unha versión longa con entrevistas centrado na mesma temática, e aínda que anda algo parado, agardo poder recuperalo. Antes diso estivo o podcast de *Ganapán*, un programa sobre medios sociais onde tratábase temas relacionados coa empresa, e antes del estivo *A mazá sonora*.

### Xunto ao podcast, tamén levas un blog <http://podcast.altg.net/> Que aporta un ao outro?

O blog é a parte visible do podcast. Do que fago na rede, a nivel básico, é o sitio onde colgo cada novo episodio

## É complicado que non haxa un podcast que che encaixe.

tas que máis me gustan a min, tecnoloxía, videoxogos, series e películas principalmente. Cada día de luns a venres escollo un tema de actualidade e falo del dunha forma sinxela e apta para todo o mundo en racións que procuro que non sexan máis longas de 10 minutos. A idea é que todo o mundo poida seguir a actualidade sen grande empachos, achegando

e as notas, o lugar de referencia para que os ouvintes atopen os enlaces que lle interesaron do que contei ese día. A un nivel un pouco máis avanzado podemos dicir que é a parte que un controla de todo o proceso, nin *Podbean*, que é onde subo o audio, nin *iTunes*, que é onde logo se indexa, están baixo o meu mando, pero o blog si, e iso permíteme ter un



control total sobre o que se mostra e como.

### **Dise que este ano é o ano do despegue dos podcast. Que situación está a vivir na actualidade o mundo dos podcast?**

Todos os anos son o ano de despegue do podcast, pero dende o meu punto de vista téñense que dar moitos factores que aínda non están presentes para que isto sexa realidade. Un dos factores principais para que un novo medio despegue é que sexa rendible, ou polo menos que teña interese para os anunciantes. Polo de agora isto non vai pasar no mundo dos podcast porque ata o día de hoxe non atopamos nin tan sequera unha forma fiable, segura e aceptada por toda a comunidade de saber cantas escoitas ten un programa, de que duración, etc.

Todo isto non quere dicir que a situación non sexa boa, cada vez hai máis xente que se anima a crear programas e espallalos polo mundo, dous datos que dan fe disto son a inclusión dos podcast en *Spotify* e en *Google Play*, que ata o de agora non deran o paso, e a creación por parte de Prisa dunha plataforma en exclusiva para

este medio. Se miramos para Galicia temos a iniciativa de *Podgalego*, un repositorio de podcast en galego, que medra practicamente todos os meses con novos e mellores programas.

### **O teu podcast está en galego. Que implica isto?**

O meu podcast actual, e todos os anteriores, están na miña lingua, na lingua que se fala na miña casa e na que falo todos os días, polo que persoalmente non ten ningunha implicación. Evidentemente ao estar en galego os meus ouvintes están localizados na súa maioría en Galicia, o que me para min é unha vantaxe xa que todo está

## Facelo en galego permite coñecer mellor á túa audiencia e polo tanto a estar máis preto do que lles interesa

a tiro de pedra e compartimos moitas máis semellanzas que se foran de Madrid ou Murcia, penso que iso axuda a coñecer mellor á túa audiencia e polo tanto a estar máis preto do que lles interesa.


### **Seguramente xa che preguntarian isto moitas veces, mais se fixeses o podcast en castelán ou en inglés terías moitos máis ouvintes. Viviches a lingua de escolla coma unha limitación?**

A verdade é que aínda que non sería un problema porque manexo ben as tres linguas, facelo en castelán ou inglés véxoo máis unha complicación que unha vantaxe, pero entendo que isto tamén pode variar dependendo dos obxectivos de cada un. Entendo que quen queira chegar a un maior número de ouvintes ou chegar a facturar polo seu podcast, tire polo in-

glés, con moita máis audiencia e unha ganancias por publicidade moito máis elevadas, pero salvo por ese motivo, o único que faría mudando de idioma sería afastarme dos meus ouvintes e complicar moito a produción de cada programa. Co galego consigo o que quero, que é falar do que me gusta, como a min me gusta e coñecendo practicamente a toda a miña audiencia, se algún día non podo facer o que quero en galego buscarei outro idioma que mo permita, pero espero non chegar a ver ese día.

### **Que potencialidades ves para o galego no mundo dos podcast?**

Penso que as posibilidades son moitas e están todas a nosa disposición. Un podcast non vai ser mellor por facelo nun idioma ou outro, vai ser mellor polo contido, a edición, as nosas dotes como presentadores ou buscando os mellores convidados. Se fas un bo programa, independentemente do idioma, da temática, da duración a xente escoitarao. A podcasfera gale-



# Xente d'eiquí ENTREVISTA A... AGOS REIGOSA

José A. Martínez



Directorio de podcasts en galego

ga pese a ser moi nova xa ten grandes xoias e de seguro que pode ter moitísimas máis.

**Ademais de facer un podcast diario, es un ouvinte de podcast? Cales escoitas habitualmente? Como os escoitas?**

Si, escoito moitos e moi diferentes. De diario escoito *Emilcar Daily* e *Mixx.io*, que son sobre tecnoloxía; semanais *Perspectiva* sobre o eido empresarial, *Binarios* sobre tecnoloxía, e o *MG Podcast* e *New Game Plus* sobre videoxogos; quincenais *Burán* de temática variada, *Metrópoles Delirantes* sobre banda deseñada e o *Sexto Grao* que fala cunha persoa aleatoria cada programa; e mensuais ou de maior periodicidade *O noso podcastLar* sobre tecnoloxía e movemento social, *La Morsa era yo ar-*

*quitectura*, *Hacia Falta* sobre cultura geek, *Guión Ausente*, *Error de Conexión...*

Escóitoos practicamente todos no móbil, mentres conduzo, fago deporte ou fago tarefas pola casa, pero tamén no ordenador mentres xogo ou traballo.

## Escoito moitos e moi diferentes podcast a través do móbil, mentres conduzo, fago deporte ou outras tarefas

**Que podcast recomendarías a alguén que quere comezar neste mundo?**

Recomendar un podcast é unha das cousas máis complexas que existen, eu diríalle a alguén que quere comezar a escoitar podcast que busque un

momento no día para facelo, mentres viaxa, vai a traballar ou un momento similar, que busque unha temática que lle poida interesar e que escoite un par de episodios de cada podcast que lle recomenden ata que atope un que lle guste. Cando o teña, que escoite cando lle interese, e que pase a outro cando non lle guste o contido dese programa, estou seguro que acabará atopando máis dun co que pasar un bo tempo. Pode comezar por algunha das miñas recomendacións, seguro que dende elas descubre moitas outras interesantes.

### O ÚNICO QUE PRECISAS É UN MÓBIL

Un podcast é un programa de radio a demanda, é dicir, que os ouvintes poden descargar automaticamente e escoitalo en calquera dispositivo que teña conexión a internet e que reproduza un arquivo mp3. Mais tamén se pode escoitar sen ter que descargar o mp3, ou descargando este para poder escoitalo cando non teñamos conexión.

Aínda que se poden escoitar podcast desde un computador, o máis común é escoitalos desde o teléfono móbil: un smartphone. Existen numerosas aplicacións que nos permiten subscribirnos aos podcast e escoitar os seus

episodios. Para os smartphones de Android, as máis destacadas son *Pocket Casts*, *Podcast Addict*, *Catbox* ou *iVoox*. Para quen posúan móbiles de Apple, ademais da propia aplicación do sistema contamos con *Overcast*, *Ucast* ou *Pocket Casts*. É practicamente todas son de balde!

# XL Romaxe DE CRENTE GALEGOS

Beade

9 DE SETEMBRO DE 2017

**COMO CHEGAR O PARQUE FORESTAL DE BEADE  
-VIGO**

SITO NA CIUDADE UNIVERSITARIA DE VIGO

COORDENADAS : 42.177451 ; -8.686439

**-ACCESO DENDE O NORTE DE GALICIA ENTRANDO  
POLA AP-9**

Despois de pasar a Ponte de Rande a 2 quilómetros aproximadamente. A AP 9 vai cara a PORTUGAL – AEROPORTO – BAIONA, etc (está posto nos indicadores), son os dous carrís esquerdos, os da dereita van directamente a VIGO. TOMAR OS DA ESQUERDA continuando pola AP 9.

**1.-** Posteriormente divídese de novo, dous carrís á esquerda a PORTUGAL, e dous á dereita SAIDA 161: tomade esta saída que indica VG 20, BAIONA AG 57, VIGO, BOUZAS, circular e tomar a SAÍDA 11 que está no km. 12. Indica VG 20, VIGO, T. BOUZAS, circular un par de quilómetros. Tomade á dereita a SAÍDA 8. Indica UNIVERSIDADE, PARQUE TECNOLÓXICO. Continuade ata chegar a unha rotonda na que tomades a esquerda para subir polo VIAL da UNIVERSIDADE (nome oficial Avda. Clara Campoamor).

**2.- Dende aquí xa porremos carteis.** Circulamos por esta estrada 4,6 quilómetros e chegamos a unha rotonda na que tomamos a esquerda seguindo a indicación de SEVIZOS CENTRAIS – ÁMBITO TECNOLÓXICO. Despois de 1,2 quilómetros hai unha rotonda na que temos que virar case por completo e tomar o ramal que indica **PARQUE FORESTAL DE BEADE**. Despois de 400 metros bifurcación **E ATENCIÓN: OS COCHES TOMAN A DEREITA E OS AUTOBUSES A ESQUERDA. É MOI IMPORTANTE CUMPRIR CON ESTA INDICACIÓN.**

**-ACCESO DENDE VIGO CIDADE**

Os que veñan por estrada sen peaxe e partindo de BOUZAS cara o seu porto tomade o acceso ó Barrio de Navia e o vial VG 20. Seguíde os indicadores da VG 20 e despois de 8 quilómetros tomade a saída nº 8 que indica VIAL UNIVERSIDADE. Saídes a unha rotonda e tomades a dereita e continuades segundo as indicacións **do punto 2 da rota anterior.**

**-ACCESO DENDE OURENSE – PORRIÑO pola A-55**

Subindo dende Porriño cara VIGO e xusto cando a autoestrada deixa de ascender, indícanse varias saídas. TOMADE A SAÍDA 8A, indica AG-57 BAIONA-VG 20. Aí xa estades na autoestrada que enlaza coas indicacións a partires **do punto 1 da rota primeira, seguíde esas explicacións.**

Existen outras alternativas. Nós tratamos de dar a opción que consideramos mais sinxela.

## HORARIO DA ROMAXE

11:00 Acolida

12:00 Celebración

14:00 Xantar

16:00 Festa

18:30 Oración e despedida

### OUTRAS INFORMACIÓNS

#### A TER EN CONTA

No Parque Forestal de Beade existe un merendeiro (OS DA RIANXEIRA) TEL. 625 449 383. Falamos co dono e van ofrecer dúas opcións:

a) Ó aire libre van poñer barra e mesas longas e mediante o sistema de tiquets servirán bebida, pan e tapas de polbo, orella, tortilla e carne ó caldeiro. De tal maneira que o que queira pode mercar e logo consumilo nunha das moitas mesas de pedra que ten o Parque.

b) Comer dentro do merendeiro. Ten arredor de 180 prazas. O servizo alí é o típico de comidas. O teléfono é por se alguén quere chamar e reservar.

c) NO CASO DE CHOIVA, ESTE ANO TEMOS CONTEMPLADA UNHA ALTERNATIVA: REALIZAR A ROMAXE DENTRO DO CAMPUS DA UNIVERSIDADE DE VIGO, onde nos ceden espazos a cuberto dentro da PRAZA MIRALLES. Esta opción está pegadiña ao monte da parque forestal, a nosa primeira opción. As indicacións son as mesmas anámbolos dous casos. A única variante estaría na última rotonda e aí será onde se vos indique o emprazamento definitivo no caso de que a auga tampouco queira perderse a nosa Romaxe.

- Lembramos que este ano, para a oración da tarde, non nos trasladaremos de lugar, senón que a faremos no mesmo parque aínda que nun posto distinto ao da mañá.

- Dende o centro xuvenil Abertal e algún grupo do Cristo da Victoria vaise organizar unha acampada o día anterior. Pódese ter máis información contactando con Emilio Prieto no número 665168301.





## Homenaxe á comunidade de monxas doroteas de Galegos (Frades)



*Era un mediodía cálido deste verán tamén abafante cando nos achegabamos o domingo 20 de agosto á parroquia de Galegos. Convocábanos a AA.VV "Río Samo" de Galegos e a Asociación de Mulleres Rurais "Airiños Galegos", que coa colaboración do Concello de Frades, querían ofrecer homenaxe á comunidade de monxas Doroteas que desde hai 53 anos veñen desenvolvendo na parroquia de Galegos e a súa contorna un servizo de acompañamento e formación en senso amplo, merecente desde logo da tal homenaxe.*

### As Orixes

Todo comezara hai 53 anos, cando Rosario Linares Rivas, dona da casa e propiedades do Pazo de Galegos, ao se ver sen herdeiros, acorda deixalo todo pensando na formación humana e relixiosa dos rapaces e rapazas da parroquia e arredores. Para iso

nos que estaba en xogo o seu presente e futuro como pobo rural.

### Compromiso social coa xente de aldeas

O labor ensinante das relixiosas foi acompañado por unha marabillosa decisión de ir entregando gratuitamente terras do pazo, que eran

## O labor ensinante foi acompañado pola decisión de ir entregando gratuitamente as terras do pazo

cédelle o pazo e posesións ás monxas Doroteas que se instalan no mesmo, mentres a dona ocupa sen máis un cuarto da casa.

Aquí empeza o labor educativo desta comunidade que se aplicou ao primeiro basicamente aos nenos e nenas con dedicación e pedagogía ben meritória e innovadora, e que co tempo foi abrindo o campo de traballo a xente adulta, intentando sempre armar de coñecementos e vontades a unha poboación rural que neses anos se tería que afrontar a grandes retos

moitas e boas, como espazos de uso comunitario ou como terras de produción para servizo da comunidade parroquial. Entendían que no fondo aquilo era do pobo e ao pobo había de volver.

Somos moitos e moitas as que temos experimentado a fina e humilde acollida daquela casa e comunidade a calquera iniciativa, que intentase coordinar esforzos para mellorar a vida da xente do campo. Ver o que ía sucedendo, pensalo, debatelo, proxectar liñas de traballo, contando sempre, no máis posible, coa xente do pobo,

foi a metodoloxía de traballo desta comunidade, que era moi sensible ás cuestións de Igrexa, pero que, como boas cristiás, o era tamén ás cuestións sociais, rurais, que petaban á porta cada día. Ante a fe e ante a vida, formarse para andar en liberdade e dignidade, ese foi sempre o seu obxectivo. Sempre co estilo que transluce o

## Un estilo expresado no seu lema de presenza: *In simplicitate laboro* (Traballo con sinxeleza).

seu lema de presenza: *In simplicitate laboro* (Traballo con sinxeleza).

### **Homenaxe popular ben merecido**

E todo isto foi o que o pobo de Galegos e parroquias do arredor, e cantos alí nos xuntamos o pasado 20 de agosto, lle quixemos agradecer a esta comunidade que se foi gastando en esforzos e persoas durante estes 53 anos, e que hoxe está representada humilde e dignamente por Fina, Carmiña e Remedios. Empezamos cunha Misa ben cantada coa animación dun coro de mulleres do lugar. Logo co alcalde do Concello descubrimos un monolito coa inscrición “Praza das Doroteas. *In simplicitate laboro*”, pois acordara o Concello dedicarlles o campo precioso que rodea a igrexa. Pasamos despois a xantar comida abundante e gustosa, para rematar o encontro cunha proxección fotográfica, cunha obra de teatro, coa entrega duns obsequios en recordo de todo o vivido aquel día e do traballado durante tantos fecundos anos, e outros divertimentos que cativaron a nosa atención e afectos ata ben entrada a tarde.

Grazas de corazón por esa maneira sinxela e eficiente de ser Igrexa, de ser pobo; de ser pobo e Igrexa nunha soa e mesma presada.



### **Palabras de introdución á celebración da homenaxe, lidas por unha veciña**

Reunímonos hoxe aquí para celebrar un acto de xustiza, de admiración e de agradecemento a unha Congregación de Relixiosas que chegou á nosa parroquia hai 53 anos.

Unhas mulleres que, si, son monxas, pero que para nós son unhas veciñas máis, xa que souberon adaptarse ao pobo sendo unhas auténticas servidoras cunha gran vocación de ensinar, de axudar, de fomentar a unidade e de loita polo pobo.

E é por iso, porque “No noso corazón revive a historia”, polo que imos celebrar hoxe esta homenaxe como resposta da parroquia de Galegos a todo o bo e ben que elas nos trouxeron.

Comezamos coa Eucaristía, acción de grazas a Deus, e continuaremos a misa na mesa, banquete de comunión entre nós.





Que implica para Irimia que, en gran medida, a sociedade –e con ela as comunidades, asociacións, movementos– se volvese líquida, que aquela utopía e o rigor militante da modernidade –por veces certamente excesivo e patético– deixase paso ás alegrías dun escepticismo posmoderno, ou mesmo que o vínculo e o compromiso solidario se resolva agora nun “click” no “like” (ou, como moito, no “gústame”), da correspondente rede social?

Pois Irimia, dixémonos, pode ser unha pequena illa nun “mar de liquidez”; algo ao que agarrarse para dar sentido ao noso quefacer e *quevivir*. E mesmo nese mundo das redes sociais, das rea-

lidades virtuais, sen perder o bo daquela solidez nin escapar da realidade real, e da xente, e do país, Irimia pode ser, ao seu nivel, un “influencer”; unha voz que pode inspirar, suscitar, ilusionar.

E iso na medida en que Irimia sen deixar de ser o que é (un horizonte común, unha referencia comunitaria de segundo nivel das que disque xa non quedan moitas no mundo real) poida seguir educando no pensamento crítico e solidario e achegando as súas propias cores, os seus acentos e matices. Cales son?

Fomos debullando eses acentos. Na formulación inicial fálase de fe e galeguidade. Falamos de como a nosa *fe* foi cambiando, a medida que nos foi cambiando a nós en diálogo coa xente e co presente que nos toca vivir. Comentamos o provocador artigo de Vigil en Redes Cristiás (“Benaventurados os ateos porque atoparán a Deus”) e de como a nosa achega específica á diversidade ecuménica, o noso remol común, é a experiencia humana e crente de Xesús de Nazaré, libre de fórmulas e rituais que o fagan irrecoñecible.

A galeguidade é un referente esencial de Irimia. Como crenzas galegos e galegas, *en e desde* Galicia, capaces de recoller e dar futuro ao que nos preserva como pobo, ao sentir compartido, á fala e ao territorio, ao ecosistema e ao patrimonio herdados e a nosa capacidade de autoorganizarnos e decidir.

E apuntouse unha terceira clave que nos pon no mapa e nos identifica: estar a carón da fragilidade, apoiar e significar algo para a xente do común, para o pobo e para os sectores que o sistema deixa nas cunetas (E isto debe ser tamén chamada para a nosa maneira de facer as celebracións e romaxes). Entre a desesperante liquidez e a rixidez das esencias hai unha terceira vía: a solidariedade efectiva e concreta, ese ecumenismo na práctica, na boa causa compartida, esas que chaman as causas perdidas e que son esas que, aos de Irimia, nos engaiolan.



Deputación  
DA CORUÑA

**EDITA:** Asociación A. IRIMIA

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

**COLABORADORES:** Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

**RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN:** [revistairimia@asociacion-irimia.org](mailto:revistairimia@asociacion-irimia.org)

**SUBSCRICIÓNS:** Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / [subscripciones@asociacion-irimia.org](mailto:subscripciones@asociacion-irimia.org)

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

**PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA:** [asociacion-irimia@asociacion-irimia.org](mailto:asociacion-irimia@asociacion-irimia.org)

**CONTA:** ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

**ISSN:** 2172-9182

**IMPRIME:** TÓRCULO Artes Gráficas

**DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** <http://asociacion-irimia.org/revista.html>





# Boa Nova



**DOMINGO 10 de setembro. XXIII do Tempo Ordinario**

**A PALABRA Mt 18, 15-20**

Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos: «Se teu irmán peca, vai e repréndeo; mais ti só con el. Se te escoita, conquistaches o teu irmán. Se non te escoita, leva contigo un ou dous, para que por medio de dúas ou tres testemuñas quede resolto o asunto. Se non vos fai caso, dílo á comunidade; e se tampouco lle fai caso á comunidade, sexa para ti como un pagán ou un recadador de impostos. Asegúrovos que o que atedes na terra será atado no ceo, e o que desatedes na terra será desatado no ceo. Dígovos aínda máis: Se dous de vós se poñen de acordo na terra para pedir calquera cousa, conseguiran do Pai meu, que está nos ceos. Porque onde están dous ou tres reunidos no meu nome, alí no medio de eles estou eu.»

Cóidense con amor os uns aos outros, en particular aos máis débiles [...] é un camiño exixente, ao longo do cal un irmán ou unha irmá poden atopar dificultades imprevistas. Nestes casos exercitar a paciencia e a misericordia por parte da comunidade é un sinal de madurez na fe. Non se debe forzar a liberdade de cada un, e hai que respectar tamén a eventual elección de quen decidir buscar, fóra do Camiño, outras formas de vida cristiá que o axuden a medrar na súa resposta á chamada do Señor.

Papa Francisco.

Texto curioso o que se nos presenta. Para comezar pola propia tradución do evanxeo: existe a versión “Se teu irmán peca, vai...”, que a Conferencia Episcopal propón e que corresponde as versións en grego máis antigas, fronte á tradución da Vulgata que segue a Biblia en galego da SEPT coma outra moitas, e que engade “contra ti”. É un pequeno detalle, mais as interpretacións do texto mudan considerablemente.

Este fragmento que tivo e que ten moita importancia na xustificación da organización da Igrexa e na eclesioloxía ao longo da historia, presenta moitas dúbidas razoables de que fosen palabras do propio Xesús. Mais ben, parecen unha interpretación feita polas primeiras comunidades cristiás, ás que se dirixía Mateo.

Como pór en práctica o perdón incondicional que propuña Xesús (esas sete veces sete) na vida das primeiras comunidades?

Xesús falou do perdón con absoluta claridade. Como ser fieis ao Reino? E así estas comunidades presentan unhas “normas” (en palabras de Pagola) adaptadas para seren aplicadas na súa propia realidade, de pequenos grupos, case familiares (no texto aparece por primeira vez referirse ao membro da comunidade coma “irmán”). Establécense uns pasos para actuar no caso de que alguén se afaste da comunidade. Búscase facilitar a reincorporación a aquel que peca. Faise un camiño de acompañamento de aquel que se afasta da Igrexa, sen forzalo. No fondo, non se pode impor a ninguén a pertenza se o que quere é autoexcluirse. Este camiño, que posteriormente se denominou corrección fraterna, é moi exixente: parte da humildade de todas as partes e de evitaren xuízos.

A aplicación histórica deste texto por parte da Igrexa responde a outras circunstancias e intereses. En ningún caso parece que se fale dunha función dirixida ás autoridades e moito menos de excomuñóns, Tribunais do Santo Oficio ou Congregacións para a Doutrina da Fe.

J. A. Martínez

A PALABRA

A CLAVE

ECO

# Falando da lingua Non se para!!!

Lidia e Valentina



Este non nos para!

Abafando, afogadas, atafegadas, acoradas, moi sufocadas, coa lingua fóra, a suor a correr polas nosas meixelas..., así nos pillamos a volta ao novo curso que, xa desde hai ben tempo, nas nosas vidas comeza con *Irimia*... E continúan a contar con nós! Que atrevidos estes da mesa de redacción! Vós o que non sabedes é canto nos facemos de rogar... “Lingua a tempo!” oímos case todos os números... Pero vaia, volvéronnos convocar para esta nova tempada e estamosvos moi contentas e agradecidas. E facendo propósito de emenda, nós empezamos

nestes días de agosto que escribimos nos que non se para coa calor.

Tras esta calor e sabendo que non houbo nin unha pinga de auga en todo o verán estamos algo preocupadas pola lingua. Si, que non vos estrañe, preocupávos se seca parte do noso refraneiro! Saberades que polas Rías Baixas de máis de baixo dise aquilo de “Tras da Peregrina, inverno encima”, e a Peregrina vén de ser nestes días, pero o tempo que se prevé non trae nada de inverniá. Hai xa uns anos, mentres escribiamos o noso ar-

tigo, ideamos a segunda parte do refrán con aquilo de “e tras da Romaxe, tumbona ao garaxe”. Este ano, máis ca nunca, a Romaxe é a nosa última esperanza, porque xa vos dicimos o inverno pasado que o cambio climático estaba a desbancar o noso refraneiro, de feito cremos que responsables da fraseoloxía deberían analizar cales ditos e refráns está a xente deixando de usar porque xa non case non teñen sentido...

Incluso van mudando expresións cotiás da vida familiar. As nosas fillas levan meses a dicirnos que debiamos de facer un artigo sobre cales son as frases que máis din agora os nenos cando van para a cama. A delas é: “Mamá, destápasme?!”

Xa nos diredes se no voso verán foi variando tamén a lingua en canto a ditos e fraseoloxía, ou se nada notastes neste aspecto... Aínda que se non se pensarades no tema do refraneiro, reflexionádeo a ver se o seguides a empregar todo igual. E aí quedan os deberes ata que nos vexamos na Romaxe que, se por ben é, este ano xuntarémonos todos en Beade. Alá botaremos unha parrafada á sombra dun carballo!

## IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envía ó Apartado 296 - 15704-Santiago de Compostela, ou escribenos a [irimia@wanadoo.es](mailto:irimia@wanadoo.es) ou [subscripcions@asociacion-irimia.org](mailto:subscripcions@asociacion-irimia.org)

NOME: ..... APELIDOS: .....  
 ENDEREZO: .....  
 CÓD. POSTAL: ..... CONCELLO OU CIDADE: ..... PROVINCIA: .....  
 TELÉFONO ..... CORREO ELECTRÓNICO .....

**QUERO SER SOCIA/-O:** 3 €   
**QUERO SUBSCRIBIRME:** Ordinaria: 30 €   
 De apoio: 45 €  Subscrición anual (22 números)  
**QUERO SER 60x100:** 60 €

**DOMICILIACIÓN**  
 BANCO OU CAIXA E AFORROS: .....  
 DOMICILIO DO BANCO: ..... CÓD. POSTAL: .....  
 CONCELLO OU CIDADE: ..... PROVINCIA: ..... TITULAR DA CONTA: .....  
 Nº de CONTA: \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / \_\_\_\_

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En ..... a ..... de ..... de 201\_\_.

Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.  
 Conta: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822